

ÁNGEL CARRACEDO, PREMIO NACIONAL DE XENÉTICA 2015



O Premio Nacional de Xenética reconece o labor e distingue o enfoque multidisciplinar do traballo científico do profesor de **Medicina Legal da USC** e director da **Fundación Pública de Medicina Xenómica Galega**.

O xurado distingue o doutor “polo seu labor pioneiro no desenvolvemento de novas tecnoloxías para a identificación forense baseadas na xenética molecular, que tiveron unha gran proxección internacional” e tamén polas súas “notables achegas nos ámbitos da xenética forense, clínica e de poboacións”. Asemade o xurado salienta “as súas contribucións á oncoloxía clínica e ao establecemento das bases moleculares de varias doenzas mentais e vasculares”. O ditame do xurado tamén incide no “labor asistencial desde a Fundación Pública Galega de Xenómica, que realizou decenas de miles de probas xenéticas para a detección de enfermidades raras, moitas con tecnoloxía propia”